

Resumo anual da actividade de 2022 da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.

A pandemia tivo un importante impacto na saúde mental e no benestar psicolóxico das persoas e das comunidades. Isto traducíuse nun incremento na demanda da atención psicolóxica, nun sistema público que arrastra unha precariedade endémica e nunha privada que comeza a ter dificultades para asimilar as necesidades que reciben.

A lectura que facemos é que existe unha demanda de atención psicolóxica crecente e o noso labor institucional é reclamar que as Administracións Públicas competentes garantan o dereito a acceder a un psicólogo ou psicóloga no seu contexto.

É preciso lembrar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión, as seccións de Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Educativa, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Mediación, Feminista e de Deporte, e o Espazo de Autocoidado. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2022 do COPG.

1. Relacións coa Administración

A dificultade no acceso á atención psicolóxica nos servizos públicos é unha cuestión que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vimos denunciando desde o nacemento desta institución. A infradotación de recursos era moi acusada e, agora, tras case tres anos moi complexos (pandemia da COVID-19, guerra, alza de prezos), pode incrementar o sufrimento na cidadanía, o que nos obriga a incrementar a presión ás administracións públicas, como responsables de garantir os dereitos humanos, incluído o da atención psicolóxica.

No referente ás relacións coa Administración galega, trasladámoslle o incremento das necesidades de atención psicolóxica que desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia se foi constatando.

Realizouse unha comparecencia no Parlamento de Galicia, na Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, á que acudiu a decana do COPG, e na que se reclamou a incorporación de psicólogas e psicólogos educativos en todos os centros educativos, co obxectivo de traballar a igualdade co 100% da poboación escolar galega, como ferramenta máis eficaz para avanzar con solidez na consecución da igualdade real.

Tamén se alertou dos retrocesos en materia de igualdade entre a mocidade que están sinalando diversos estudos, e reclamouse contar con asistencia psicolóxica na Atención Primaria para poder dar unha atención rápida e continuada ás vítimas, así como axudar na detección de situacións de violencia enmascaradas tras outras patoloxías, ou a repercusión dos desiguais roles de xénero na saúde mental.

Mantívose unha xuntanza co **Conselleiro de Sanidade**, a Subdirectora Xeral de Atención Primaria, a Directora de Recursos Humanos do SERGAS e o Xerente do SERGAS, para trasladarlle a nosa preocupación polos niveis de malestar emocional e psicolóxico que está a experimentar a poboación e pola dificultade na accesibilidade á atención psicolóxica no SERGAS, asegurando que é urxente revisar o Plan Estratéxico de Saúde Mental 2020-2024. Reclamouse que se **reforcen as Unidades de Saúde Mental a través das listas de contratación, e que se incorpore a prestación de Psicoloxía en Atención Primaria**, así como a creación de servizos propios de psicoloxía clínica.

Unha nova importante, é que tal e como viña reclamándose desde o COPG desde hai moitos anos, en Galicia convocáronse por primeira vez **o 100% das prazas PIR acreditadas en Galicia**, 13, aproveitando esta oportunidade de capacitación valiosísima. Aínda así seguen sendo unhas cifras moi baixas, porque a demanda de profesionais é previsible que incremente a un ritmo moi superior.

Ademais, tamén se mantivo unha nova reunión coa Xefa do Servizo Central de Prevención de Riscos Laborais e a Xefa de Servizo de Saúde Mental, á petición súa, coa intención de valorar a accesibilidade á atención psicolóxica por parte do propio persoal do SERGAS.

Tamén se mantivo unha xuntanza co Servizo de Saúde Mental do SERGAS en relación co Protocolo de actuación no ámbito educativo e sanitario ante o risco de suicidio na infancia e na adolescencia, dado que está contemplada a intervención do GIPCE, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, naquelas situacións máis tráxicas. En todo o caso, este protocolo é insuficiente, dado que o idóneo, se a intención

real é prever a conduta suicida no alumnado, é contar con psicólogos e psicólogas educativas que poidan realizar esa prevención no seu contexto e derivar ao ámbito sanitario naqueles casos que sexa preciso. Namentres non se conte con profesionais especializados na conduta humana nos propios centros educativos, é dicir, con psicólogos e psicólogas, este protocolo non é suficiente.

Ademais, co SERGAS estivo tamén actuándose de xeito coordinado no dispositivo que se activou na Cidade da Cultura dirixido á poboación refuxiada de Ucraína, no que estivo intervindo o GIPCE.

En relación coa crise de persoas refuxiadas procedentes de Ucraína, emitíuse un comunicado de condena da invasión por parte de Rusia, e chamando á defensa da paz. A guerra é o acto humano máis incomprensible e inxusto, e desde o COPG fíxose unha chamada á convivencia pacífica, ao diálogo e ao respecto, á vez que se expresou a solidariedade coas persoas refuxiadas que se viron empurradas a abandonar o seu país pola violencia.

Nesta crise, traballouse de xeito coordinado co resto de colexios de Psicología do Estado, a través do Consejo General de la Psicología. No COPG recibíronse numerosas peticións de axuda, tanto de colexiados e colexiadas que exercen nos concellos e que se vían superados polas novas necesidades, particulares con persoas acollidas nos seus fogares, asociacións que buscaban cooperar...

Desde o COPG fíxose fincapé en que, como en calquera situación crítica, a coordinación e as canles oficiais son imprescindibles, polo que se contacto cos diferentes estamentos administrativos implicados (Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP, e a Xunta de Galicia) para que contemplasen a imprescindible atención psicolóxica que require un proceso como este e que debe sosterse no tempo.

Finalmente, realizouse unha doazón do 0,7% do superávit das contas anuais do COPG a ACNUR, a axencia das Nacións Unidas que se encarga das persoas refuxiadas.

En relación coa **Consellería de Educación**, mantívose contacto a través da organización das Xornadas de Psicología Educativa, que contribuíron a financiar, e na que participou na inauguración a Directora Xeral de Innovación e Ordenación Educativa, ademais do Reitor da USC, o Presidente do Consejo General de la Psicología, o Concelleiro de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo do Concello de Santiago, e a Decana do COPG. Nestas Xornadas nas que participaron máis dun cento de persoas, buscouse ofrecer un espazo de reflexión e de intercambio de experiencias de profesionais deste ámbito, para visibilizar a necesidade e o potencial de incorporar a psicología nos centros educativos. No marco destas Xornadas celebrouse a reunión da Área de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología, que permitiu que moitos representantes do conxunto do Estado acudisen ás mesmas. Ademais, a corporación municipal do Concello de Santiago de Compostela recibiu á Xunta de Goberno, ao Comité Organizador e os representantes dos demais colexios, aproveitando para trasladarlle a nosa preocupación por unha situación que percibimos como crítica nos centros educativos, co incremento de problemáticas na poboación adolescente como a conduta suicida, autolesións, desmotivación, acoso escolar ou as adiccións.

Por outra banda, rematouse a primeira fase do proxecto impulsado desde a División de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología, a través de Psicofundación, o proxecto PsiCE, "Intervención psicolóxica en contextos educativos". Este proxecto é un estudo para o tratamento transdiagnóstico dos trastornos emocionais en adolescentes no contexto escolar, e no que participamos desde o COPG. Foille exposto á Consellería de

Educación, a quen se lle trasladou o papel da psicoloxía educativa nos centros de ensino, e a necesidade de apostar por esta figura profesional, ante as máis diversas problemáticas que presentan os centros: desde os problemas psicolóxicos e emocionais, a temas de convivencia, educación afectivo-sexual, acoso escolar, trastornos na aprendizaxe ou situacións excepcionais, como pode ser un evento crítico ou a nova necesidade que xurdiu este ano, de integración de moitos nenos e nenas procedentes de Ucraína.

Coa **Vicepresidencia da Xunta de Galicia**, a través da **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** renovouse o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE. Debido ao volume de intervencións e aos dispositivos establecidos para atender á poboación refuxiada de Ucraína e o afundimento do barco Vila de Pitaxo foi preciso xestionar unha addenda para este convenio.

Así mesmo, mantivéronse varias reunións co Director Xeral de Xustiza, pola situación da mediación intraxudicial e dos equipos que realizan os informes psicolóxicos e sociais. Reclamamos o incremento de profesionais da psicoloxía no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) para evitar os atrasos que padecen estes informes, así como a dotación de prazas públicas para a mediación.

Coa **Secretaría Xeral da Igualdade**, dependente da **Consellería de Traballo e Igualdade** mantívose un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero, o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Tamén asinamos un ano máis o convenio para un servizo de Quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

O COPG participa no Observatorio Galego da Violencia de Xénero.

Ademais, colaboramos co **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral**, da Consellería de Traballo e Igualdade da Xunta de Galicia, co que mantemos un convenio de colaboración.

No ámbito da **Política Social** continúaase participando a través do Consello Galego do Benestar Social da Xunta de Galicia.

Continúase colaborando coa **Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia**, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

Mantívose tamén unha xuntanza coa Deputada provincial de Igualdade da Deputación da Coruña de cara a explorar vías de colaboración entre ambas as institucións, e a quen se lle trasladou a importancia de contar con profesionais da psicoloxía a nivel municipal que garantan a accesibilidade á atención das persoas e das comunidades.

No marco do convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) por sétimo ano e con motivo do 25 de novembro lanzamos o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

Co **Concello de Santiago de Compostela** colaboramos en distintos eidos.

- Continúase no Consello Municipal da Saúde.
- Participamos un ano máis na campaña "Compostela en negro", para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

Co **Concello da Coruña** tamén se colabora en dous consellos municipais: por unha banda o Consello Sectorial de Inclusión Social, e pola outra, no Consello Local da Saúde. Así mesmo, mantívose unha xuntanza coa concelleira de Igualdade, Benestar Social e Participación coa intención de estudar vías de colaboración co Concello da Coruña nun programa de atención á saúde mental da cidadanía, especialmente dirixido á mocidade, polo incremento de malestar que están detectando na poboación adolescente.

Tamén no **Concello de Monforte**, onde formamos parte do Consello de Saúde.

Ademais, continuamos coa campaña de reunións nos concellos, para visibilizar a necesidade de garantir a atención psicolóxica á súa comunidade, tanto no eido municipal como para que a reclamen á Administración autonómica, como a que mantivemos este mes co alcalde de Cambados.

2. Actividade colexial

Proceso electoral

En maio celebrouse o proceso electoral para a renovación da Xunta de Goberno do COPG, para a que houbo unha única candidatura presentada. Como alicerces para este novo mandato, marcáronse a demanda da accesibilidade á atención psicolóxica para a cidadanía, especialmente no relativo á sanidade, aos centros de ensino e os servizos sociais comunitarios. Neste sentido, así estamos traballando cos distintos niveis administrativos: desde o goberno autonómico ás administracións locais

Tempo da Psicoloxía

Dentro da actividade colexial, cómpre sinalar que entre o 21 e o 24 de febreiro tivo lugar a cuarta edición de Tempo da Psicoloxía, organizada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, en formato mixto: celebrouse na Facultade de Psicoloxía e retransmitiuse por *streaming* en directo. O tema central escollido foi o coidado da saúde mental no ámbito comunitario, na xente moza e no eido laboral. Cuestións como a prevención, a atención ás necesidades emocionais na adolescencia, a asistencia psicolóxica nos servizos sociais comunitarios, o coidado da saúde mental no traballo, a participación no mercado laboral das persoas con trastornos psicolóxicos ou a capacidade dos servizos públicos para atender as necesidades da saúde mental foron algunhas das cuestións tratadas. Asistiron máis de 400 persoas.

Dixitalización

En canto á actividade colexial, a maioría das xuntanzas da Xunta de Goberno, seccións, comisións e grupos, celebráronse de forma online, ao igual que todo o programa formativo, aínda que xa puideron manterse algunhas actividades presenciais ou mixtas.

A formación mantívose cunha alta oferta, especialmente online, que foi recibida con moi boa participación. Isto é moi importante, dado que unha formación permanente é a mellor garantía para manter unha boa práctica, actualizada e responsable. Ademais, continúa “Falamos. Ciclo de Experiencias Compartidas do COPG”, unha iniciativa da Vogalía de Formación que comezou en abril na que cada mes, algún colexiado ou colexiada presentou publicacións, estudos, programas, libros, etc., de interese tanto para a profesión como nalgúns casos tamén para a cidadanía en xeral, co que se pretendeu dar un impulso á profesión e ao bo traballo da colexiación, fomentando o intercambio e a visibilización.

Cada vez ten máis uso a sede electrónica, a nosa Administración en liña. Unha sede con todas as garantías legais que permite realizar unha cantidade importante de trámites sen ter que desprazarse ao Colexio: altas, baixas, participación en procedementos, solicitudes, etc. Como exemplo, do total de altas de colexiación no seu primeiro ano de funcionamento, o 40% realizáronse a través da sede online, o que indica o forte asentamento que está a ter.

Así mesmo, tamén se continúan a emitir certificados dixitais con atribución profesional, emitidos polo Colexio Oficial de Psicología de Galicia, que está de alta como Autoridade de Rexistro. Este certificado dixital reconece como psicólogo colexiado ou colexiada diante de calquera administración pública ou outra entidade, e é de utilidade para os trámites que realice a nivel profesional, desde o seu posto de traballo, como asinar informes, certificacións, etc.

Outra das ferramentas máis utilizadas e das máis prácticas desde o comezo da pandemia, e que se renovou este ano, é que todas as psicólogas e psicólogos colexiados do COPG teñen acceso a unha plataforma de teleasistencia psicolóxica segura e con todas as garantías legais, de forma completamente gratuíta, chamada PSYPOCKET, a través do Consejo General de la Psicología.

Espazo de Autocoidado

Continuou a actividade do Espazo de Autocoidado, co obxecto de contribuír a preservar a saúde emocional da comunidade, proporcionando ferramentas e recursos para este fin. Esta iniciativa parte da identificación da necesidade de visibilizar e atender a conciencia do autocoidado no contexto da pandemia pola COVID-19, como elemento imprescindible no benestar das persoas e tamén da comunidade.

3. Relacións con outras entidades

3.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- Asistencia ás distintas reunións de Junta de Gobierno e de Junta General do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas áreas e divisións a través das persoas representantes.
- Constitución de comisións de valoración para as acreditacións profesionais que expide o Consejo General de la Psicología.

3.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Continuamos mantendo un estreito contacto cos colexios profesionais sanitarios, explorando modos de colaboración. Neste ano, realizamos unha interesante colaboración co Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña, presentando unha campaña que se distribuíu por todas as farmacias da provincia, dirixida a mellorar o coidado da saúde mental na poboación, ante o deterioro que constataban desde as

propias oficinas de farmacia, alertando do incremento de dispensación de ansiolíticos, antidepressivos e somníferos.

Continuamos coa colaboración iniciada o ano pasado co Colexio de Licenciados de Educación Física, con quen celebramos unha nova xornada interprofesional. Tamén mantemos unha colaboración co Colexio de Educadores e Educadoras Sociais e co de Traballo Social, cos que conformamos o Espazo Dialoga.

3.3. Formamos parte de **Unión Profesional de Galicia**, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva e tamén ostenta a representación de Unión Profesional no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais do COPG, así como os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

Unión Profesional de Galicia convoca os Premios a profesionais colexiados pola súa excelencia na práctica e en recoñecemento á súa traxectoria, que nesta edición recaeu na colexiada Dolores Mosquera Barral. No acto de entrega tamén se entregou o do ano anterior, que estaba pendente de facer entrega, e que fora outorgado ao colexiado Xabier Macías Virgós.

3.4. Mantemos tamén a colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela**, máis estreitamente coa **Facultade de Psicoloxía**.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

3.5. Formamos parte do **Movemento Galego da Saúde Mental**, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

3.6. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Formamos parte da plataforma *SOS Sanidade Pública*, e estamos a participar nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.
- Colaboramos coa *Asociación Consensus*, coa que participamos en dous proxectos europeos: no proxecto SERV, de boas prácticas de apoio ás mulleres vítimas de violencia; e presentamos o apoio ao proxecto RTIC, dirixido a mellorar a resposta institucional aos menores vítimas de delito.
- Coa *Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS*, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.
- Coa *Ordem dos psicólogos portugueses*.
- *Confederación de Empresarios da Coruña e a de Lugo*, con quen mantemos senllos convenios de colaboración.
- Mantemos convenios de colaboración coa *Fundación Meniños*, coa *Federación Galega de Dano Cerebral*, *FEGADACE*, co *Colexio de Licenciados e Graduados en Educación Física* e coa *Asociación Galega de Terapia Familiar*.

En canto á **Comisión para a Defensa da Profesión**, no que vai de ano iniciáronse 19 expedientes por intrusismo profesional. Estes expedientes deron lugar a actuacións coas propias

persoas denunciadas, ou tamén a través das administracións públicas, como o IMELGA ou ante a Inspección Sanitaria.

4. Alegacións e achegas:

As máis importantes foron:

- Recurso Potestativo de Reposición ante a Universidade de Vigo para que se recoñeza como titulación o Grao ou a Licenciatura en Psicoloxía para proveer unha praza de psicobioloxía.
- Recurso potestativo de reposición ás bases para a formación dunha bolsa de emprego de educadores/as familiares do Concello de Dodro (A Coruña).
- Escrito ante as bases para a convocatoria de bolsas de emprego para nomeamentos interinos de técnicos/as de prevención de riscos laborais, técnicos/as de xestión e axentes de igualdade de oportunidades publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- Alegacións formuladas contra a convocatoria dunha bolsa de emprego para a contratación de funcionarias/os interinas/os como Técnica/o en igualdade para o CIM de Arzúa.
- Escrito á Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública, no referente ao emprego público, para que puntúen tamén a formación impartida por Administracións Públicas Periféricas e Corporacións de Dereito Público como son o Colexio Oficial de Psicoloxía e o Consejo General de la Psicología España.
- Recurso potestativo de reposición ao Concello de Chantada contra as bases para a selección e contratación dun/ha psicólogo/a, un/ha fisioterapeuta e un/ha logopeda.
- Alegacións ao Concello de Burela contra as bases reguladoras do proceso de selección dun/ha técnico/a de orientación laboral mediante a modalidade de funcionario interino.
- Á Concelleira Delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo contra as bases específicas da convocatoria dunha praza estrutural vacante da mancomunidade de Vigo coa denominación de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Ao Concello de Carballo contra as bases xerais e bases específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal.
- Á Deputación da Coruña contra as bases específicas da convocatoria, polo sistema concurso-oposición para a estabilización de emprego temporal, de cinco (5) prazas de Educador/a (A2) da Deputación Provincial da Coruña.
- Nova reclamación ante á Consellería de Educación para que se considere que as persoas licenciadas en psicoloxía con anterioridade ao 1 de outubro de 2009 non lle sexa esixible a acreditación de ter superado o Mestrado Universitario en Profesorado.

5. Campaña 25N

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizamos e participamos en diversas actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o 25 de novembro. En primeiro lugar, difundimos un ano máis unha declaración institucional que poñía o foco na importancia de previr e sensibilizar as xeracións máis novas, ante o incremento de condutas e crenzas machistas entre a poboación moza.

Participamos na campaña En Negro contra as Violencias e reeditamos a campaña Polo Bo Trato coa FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), que xa mencionamos.

6. Achegas da Psicoloxía

Celebramos, por fin no formato habitual o encontro Achegas da Psicoloxía, nesta ocasión no Concello de Rianxo, no que fixemos entrega do premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que nesta ocasión foi outorgado ao Movemento Galego da Saúde Mental, polo seu compromiso coa defensa da atención á saúde mental na rede pública ou a denuncia de vulneracións dos dereitos humanos por prácticas como a contención mecánica no Hospital Psiquiátrico de Conxo. Tamén se lle fixo entrega da distinción como Colexiada de Honra a María Isabel Pereira Calviño, e o recoñecemento aos colexiados e colexiadas que levan 25 anos no COPG.

Tamén se fixo entrega dos I Premios Xoán Vicente Viqueira de Comunicación, do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que naceu coa intención de impulsar a psicoloxía na sociedade fronte a pseudoterapias e pseudociencias. Foi outorgado na modalidade de Xornalismo a Ana González Liste, do medio Prazza Pública, e un accésit a Selina Otero, do Faro de Vigo. Na modalidade de Comunicación, recoñeceuse o labor da colexiada Victoria Canosa Raña, e foi outorgado un accésit a Manuela del Palacio García.

7. Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3516 colexiados e colexiadas ordinarias, 4 colexiados asociados e asociadas e 53 xubilados e xubiladas.

8. Circular Informativa

Co obxectivo de mellorar a comunicación tanto cos nosos colexiados e colexiadas como coa sociedade, fíxose un importante redeseño da Circular Informativa, que agora si é unha publicación dixital 100%, moito máis dinámica e áxil.

9. Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2023 é "Psicoloxía na escola xa". É tempo de pasar á acción, despois de moitas alarmas sobre as necesidades de atención e coidado da saúde mental da infancia e sobre todo, da adolescencia, polo que máis alá de expresar a preocupación, esiximos aos nosos responsables administrativos a actuación decidida e responsable, que é a de propiciar no contexto educativo os profesionais adecuados, capacitados e formados: psicoloxía educativa.

10. Relacións cos medios de comunicación

Ao longo do ano difundíronse as seguintes declaracións institucionais:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na vellez.
- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial para a Prevención do Acoso Escolar.
- Día Mundial para a Prevención do Suicidio.
- Día Mundial da Saúde Mental.
- Día das Vítimas de accidentes de Tráfico.
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller.
- Notas de prensa de condena dos asasinatos por violencia de xénero.

No referente ás relacións cos medios de comunicación, difundimos unha vintena de comunicados. Continuamos cun perfil moi alto de participacións nos medios de comunicación, atendendo máis de 150 peticións. O impacto psicolóxico da COVID foi perdendo protagonismo, pero hai unha gran preocupación pola saúde mental e o seu deterioro no contexto pospandémico.